



## **Pilar Rojo reivindica “a vixencia e o valor da democracia parlamentaria”**

- **A presidenta do Parlamento de Galicia asistiu, en Madrid, á entrega do Premio TOP 10 ao Parlamentario sanitario autonómico máis relevante, que recaeu no deputado galego e vicepresidente da Cámara Miguel Santalices**

**Santiago, 13 de novembro de 2012.-** A presidenta da Cámara galega, Pilar Rojo, reivindicou hoxe en Madrid “a vixencia e o valor da democracia parlamentaria como ferramenta canalizadora das inquedanzas e problemas dos cidadáns, e a súa condición de instrumento capaz de ofrecer solucións factibles, a ser posible desde o consenso, aos retos plantexados en cada momento”.

Rojo Nogueira efectuou esta reflexión no transcurso dun acto organizado pola empresa *Sanitaria 2000* –editora de cabeceiras como *Redacción Médica* e *Revista Médica*- no que o deputado e vicepresidente da Cámara galega, Miguel Santalices, foi galardoado co premio TOP 10 ao Parlamentario sanitario autonómico máis relevante, elixido polos lectores de *Redacción Médica*.

Do galardoado, Pilar Rojo destacou a súa “valía política e profesional, o seu profundo coñecemento do sector sanitario e o seu inquebrantable compromiso co conxunto do sistema sanitario público”.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia